

# UN MUNDO QUE SE CHAMA A CORUÑA<sup>1</sup>

Henrique rabuñal

*Aos coruñeses e coruñesas anónimos que constrúen a súa cidade*

Unha iniciativa de



co apoio de

Cada cidade é un universo, un libro aberto nas súas prazas e rúas, unha familia imposíbel coas súas ledicias e as súas derrotas. A suor e os soños de políticos, músicos, impresores, arquitectos, académicos, militantes de diversas ideas, xornalistas, deportistas, obreiros e empresarios. Abrimos para o lector e a lectora as páxinas deste libro que se chama A Coruña, a capital galega do norte na que viven case 300.000 persoas, moitas más se considerarmos a súa dinámica área metropolitana na que se sitúan o aeroporto, algúns polígonos industriais e no inmediato futuro o porto de Punta Langosteira. A Coruña é unha illa arrolada polo mar pacífico da súa zona portuaria e polo mar enérxico das súas mellores praias. A cidade precisa medrar e medra cara os concellos limítrofes pero pretende conservar con orgullo o seu carimbo, a súa identidade, a que o forasteiro pode debullar nos interminábeis paseos na Rúa Real e nos Cantóns ou nos diminutos rueiros da cidade alta.

Como todas, A Coruña é unha cidade de contrastes, principalmente de xente humilde e laboriosa e festexeira. Unha cidade liberal e culta, laica e galeguista. É a cidade de Xosé Cornide e de Murguía, de Pondal e de Pardo Bazán, de Villar Ponte e de Pablo Picasso, de Vicente Viqueira e de Lugrís Freire, de Peña Novo e de María Casares, de Andrés Gaos e de Roxelio Groba, de Eusebio da Guarda e de Linares Rivas, de Abad Conde e de Casares Quiroga, de Suárez Ferrín e de Luís Huici, de Avilés de Taramancos e de Urbano Lugrís, de Manuel María e de Puch Boedo, de Xosé Ramón Barreiro e de Marinhas del Valle, de Fernández Ferreiro e de Martínez Oca, de Riveiro Loureiro e de Manuel Espiña, de Arsenio Iglesias e de Manolete, de Manuel Lourenzo e de Francisco Pillado, de Manuel Balboa e de Luísa Villalta, de Pilar Pallarés e de Pilar García Negro, de Manolo Rivas e de Miguel Anxo Fernán-Vello, de Filipe Senén e de Xurxo Souto. A cidade dos Carrés, dos Tettamancy, dos Vaamonde, de tantos e tantas. Existe un mundo que se chama A Coruña. Hai un acento de creatividade en todas as faixas da súa historia. Unha pulsión vitalista. Unha rede de paixóns única. Unha cidade con cronistas que a explicaron e que a retratan ao minuto.

## ITINERARIO I

### DA TORRE DE HÉRCULES AO CASTELO DE SAN ANTÓN

A Coruña presume da súa fermosura innata e das súas orixes lendarias que o visitante apreciará na Torre de Hércules e na súa contorna inzada de poderosas esculturas coma o conxunto de Manolo Paz ou o que rende homenaxe ás vítimas da represión do 36. Hércules é o noso alcalde perpetuo e labrego, granítico e mareiro. Os coruñeses chamámonos na súa honra herculinos. Ao pé da torre Breogán cría aos seus fillos e exerce de náutico guieiro.

Os romanos, no século I a. C., apreciaron o abrigo do Parrote e as súas solainas, fixeran da Torre un Faro que iluminaba os camiños do imperio. Torre, Faro, Atalaia, Castelo militar, planeada polo coimbrán Gaio Servio Lupo, con planta cadrada e tres pisos, reparada por Amaro Antúnez en 1684 dotándoa dunha escaleira interior de madeira e soñada outra vez polo estremeño Eustaquio Giannini Bentallol, quen a fai medrar en altura, dótaa dunha escaleira interior con chanzos de boa pedra, un pasamáns de madeira para que o fareiro acenda o fanal e un revestimento unido á obra antiga cun novo farol no alto e a caseta de pedra no exterior. O Faro chega aos 53 metros de altura e mantén a planta cadrada con 11'40 metros de lado. A Torre e o saber de Cornide quen redixe dúas inscricións, unha en latín e outra en español, situadas nas dúas portas de entrada. Recentemente acolle un Museo, dispón de sistema eléctrico, luce unhas portas de bronce de Francisco Leiro e viu ornamentado o seu entorno cos citados conxuntos escultóricos.

O visitante, logo de visitar a Torre, pode baixar pola beiramar cara a praia de Santo Amaro (en 1858 morría afogado nesta praia o poeta Aurelio Aguirre) e logo polo novo Paseo Marítimo facer parada no cemiterio de Santo Amaro, na sede do reitorado coruñés ao pé dos Xardíns da Mestranza, na igrexa da Orde Terceira Franciscana (do XVIII é este templo de nave única con cabeceira rectangular de Simón Rodríguez e Xosé Vidal), no Museo Militar, na fermosa e activa Fundación Luís Seoane -para nós un exemplo de actuación arquitectónica- ou na Torre de Control Marítimo para rematar esta primeira xeira no Castelo de San Antón xa no corazón do porto herculino.

Fernando Domínguez Romay proxectara o cemiterio de Santo Amaro, ampliado xa en 1833 cun templo funerario moi do gusto

neoclásico local, obra de Andrade Yáñez. A necrópole galega más importante, segundo a autorizada opinión de Monterroso Devesa, constaba dun cemiterio civil, outro británico que fora demandado polo cónsul Juan Crispín e o xeral, organizado en catro departamentos que se correspondían coas catro parroquias, as dúas da Cidade Alta -Santiago e Santa María- e as dúas da Pescaría, San Xorxe e San Nicolás. Na necrópole están enterradas grandes figuras da vida galega e coruñesa, como Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Manuel Lugrís, Manuel Murguía, Luís Seoane ou Marinhas del Valle.

No século XVI florece a Pescaría e faise o daquela insular Castelo de San Antón, obra de Pedro Rodríguez Muñiz onde a comezos do XV existira unha pequena ermida que acollía a navegantes enfermos. O Castelo era un elemento destinado á vixilancia e defensa portuaria, labor que compartirá cos Castelos de Santa Cruz e o xa desaparecido de San Diego. Tiña dous baluartes defensivos, un patio de armas no interior e unha plataforma superior para a artillería. Había lugar para case vinte soldados, dúas polvoreiras e un alxibe escavado en rocha viva. Nos séculos XVIII e XIX será usado como presidio acollendo a *hóspedes* tan ilustres como o Xeneral Díaz Porlier e desde os anos 60 do presente século é convertido en riquísimo Museo Arqueolóxico no seu día dinamizado por Filipe Senén. O Museo dedica a planta baixa á arqueoloxía e a alta, onde están situadas a Casa do Gobernador e a Capela, á historia.

## ITINERARIO II

### DA CIDADE VELLA Á PRAZA DE MARÍA PITA

Logo dese pesado silencio que media entre os séculos V e XII, e ser sede episcopal, a cidade cambiará de nome e de vestiario e repoboarase como outros lugares no século XII cando Fernando II concede os privilexios impositivos aos clérigos coruñeses. Renacida Crunia, Crunna ou Corunna, conta co apoio real de Afonso IX. O foro de 1208 establece as novas condicións da cidade e concede o Foro de Benavente. A Coruña está circunscrita ao que chamamos Cidade Vella ou Cidade Alta e configúrase como cidade de reguengo, "vella, aristocrática e mariña" en palabras de Otero Pedrayo, unha cidade medieval que vela pola súa soberanía e que verá renovar os seus privilexios e xurisdicións polos sucesores de Afonso IX, desde Fernando III ata Xoán II e que nutre a súa veciñanza de xentes dedicadas ao comercio do viño e do sal, dos diferentes artesáns, os mareantes así como dos xudeus, todos eles gobernados por ese Concello que se xunta no adro da igrexa de Santiago.

O visitante debe explorar as dúas igrexas más antigas da cidade, esta de Santiago e a de Santa María do Campo. Tamén do século XII son as igrexas de San Vicente de Elviña e de Santa María de Oza situadas moi lonxe do que era A Coruña medieval e hoxe integradas no seu concello. Daquel tempo son os conventos de San Francisco e o primitivo de San Domingos. O de San Francisco, hoxe praticamente desaparecido e cuxa igrexa sería trasladada a Santa Margarida en 1964, constituía un exemplo de arquitectura góticomendicante, sendo rehabilitado en 1963 por Pons-Sorolla logo do incendio que padecera no ano 1591 e o estado ruinoso que xa presentaba no século XVII. O de San Domingos, que acolleu estudantes de Lóxica, sería destruído en 1589 durante o saqueo dos ingleses e mandado reconstruír por Filipe II no solar que ocupa hoxe. No século XVII abriuse ao culto a súa igrexa así como a Capela de Nosa Señora do Rosario. Do século XVIII é o novo templo, obra de Manuel de los Mártires con portada barroca e a Torre de Alberto Ricoy. A estes dous conventos seguirá máis tarde o de Santa Bárbara, este de clausura, fundado a finais do século XV polo Papa Alexandre VI onde existía unha capela dedicada a Santa Bárbara e que só conserva na súa igrexa dous relevos medievais, un na fachada cunha representación do xuízo final, un peregrino, a piedade franciscana e o Cristo redentor e outro no vestíbulo, do tímpano da antiga capela medieval, coa Virxe e o Neno, Santa Bárbara e Santa Catalina. O convento -hoxe ocupado por Clarisas- está integrado na Praza chamada

das Bárbaras que con razón se ten convertido nun dos recunchos más emblemáticos da cidade vella polas ideas de sosego e de intimidade espacial que produce. No século XIII existían, xa nos arrabaldes, a igrexa de Santo Tomás e tamén as parroquias de San Nicolás e San Xorxe.

Pero volvamos co noso visitante ás dúas igrexas da cidade vella. A parroquial de Santiago, románica, lucindo o seu teito de madeira, as tres ábsidas semicirculares, as tres portadas exteriores, as esculturas de San Xoán e de Santiago e un ricaz patrimonio no seu interior desde a imaxe da Virxe do Leite, do XVII, ata as catro aras romanas pasando pola pía bautismal oxival. Do XVII é a capela sepulcral de San Xosé e a Torre das Campás e xa do XIX o rosetón da portada de Manuel Hernández.

A colexiata de Santa María do Campo, a preferida do Gremio de Mareantes e dalgúns comerciantes e artesáns, foi sede dunha Cátedra de Gramática xa no século XV. Consta de tres naves e unha ábsida semicircular e de tres portadas exteriores, un rosetón gótico do XIV e unha Torre de Campás. Contén no seu interior unha notábel imaxe de Santa María Magdalena, a capela do Portal e no seu adro un cruceiro do século XV. A finais do XIX fíxose a nova fachada e obras de rehabilitación que tamén se acometeron neste século cando as pezas de ourivaría así como imaxes e ornamentos sagrados son conservados no seu Museo de Arte Sacra. Ao seu carón están tres importantes lugares: Portas Ártabras, un dos centros culturais más relevantes e dinámicos da Coruña actual, a fermosa Casa Cornide na Rúa das Donas (consta de tres andares e destanenela as esquinas redondeadas e o traballo nas varandas e reixas) e o Museo dedicado a María Pita.

Lembremos para o noso visitante o episodio que a fixo inmortal. Desde comezos do século XVI a coroa concedéranos o privilexio de celebrar unha farta feira anual primeiro e semanal despois. En 1520 D. Carlos I convocara cortes na Galiza con sede en Compostela e na Coruña, en cuxo porto embarca o rei para Flandres. O tráfico mercantil compite agora coas preocupacións defensivas nun século onde se afoga a voz do Concello diante das más altas e poderosas razóns de estado que converteran A Coruña nunha estratéxica base naval. Vaino pagar ben caro, primeiro cos ataques dos ingleses (1589), dos holandeses (1599) e dos franceses (1639).

A política atlántica de Filipe II chocando cos intereses económicos e políticos doutros estados e as disputas con Inglaterra e Francia sumándose á anexión de Portugal tecen unha situación tensa. A Coruña foi escollida para a saída do seu porto da Armada Invencíbel ao mando do Duque de Medina Sidonia que Filipe II organizara para a invasión de Inglaterra. A Armada estaba constituída por 130 buques e uns 30.000 homes. Cando a Armada está na Coruña, precísanse milleiros de quintais de biscoitos, touciño, carne ou peixe por non falar dos millares de pipas de viño e vinagre, das arrobas de aceite ou dos moitos quilogramos de fabas e garavanzos.

Filipe II ordenara o embargo dos barcos ingleses para contrarrestar as agresións aos seus intereses. Os ingleses responden tentando castigar as posibilidades de actuación española. A Coruña será escollida na primavera de 1589 por Sir Francis Drake para inflixirlle un dos ataques más devastadores da historia. Os asaltos á Pescaría, más indefensa, e logo á propia Cidade Alta, menos vulnerábel, supuxeron unha hecatombe. Imaxinamos a Drake poderoso chegando á Coruña na mañanciña do 4 de maio de 1588. Con el, máis de 100 barcos e uns 20.000 homes que cercan a cidade facendo recuar aos seus defensores desde a Pescaría á Cidade Alta.

O cerco dos ingleses dura ata o día 17. A defensa da cidade foi tarefa común de profesionais das armas, de voluntarios e da cidadanía coruñesa entre a que a lenda destacou a nosa Maior Fernández da Câmara e Pita, quen nos combates corpo a corpo acabaría coa vida dun alférez inimigo. María Pita viu recompensada a súa heroicidade cunha pensión do estado entre outros privilexios.

O ataque inglés supuxo unha enorme perda para a cidade (200.000 ducados da época) en primeiro termo en vidas humanas, o incendio de edificios, a ruína das colleitas, a destrucción dos conventos de San Francisco e San Domingos, da vella igrexa de Santa María de Oza, de hospitais e vivendas particulares, das murallas, dos muíños de vento, nun saqueo que afectou a numerosos obxectos de valor nunhas perdidas que suporían uns. Ligado a estes acontecementos está o voto da Coruña ao Rosario en sinal de agradecemento por liberala do Xeneral de Inglaterra Francis Drake, voto que se celebraría o 19 de maio, data da partida dos

ingleses. No século XIX o voto mudou celebrándose na actualidade o día da Nosa Señora do Rosario, patroa da Coruña.

A cidade vella é algo más ca igrexas. O visitante debe visitar a Praza da Fariña. O núcleo arborado recibe o nome do Xeneral Azcárraga quen como Ministro de Guerra devolve a sede da Capitanía á Coruña. A finais de século Pedro Mariño redefine este espazo coa súa fonte do desexo e as impresionantes bananeiras. Na actualidade é o epicentro da Feira Medieval que se celebra no verán. Logo está a Praza da Constitución co edificio de planta rectangular da Audiencia e da Capitanía que ten un patio porticado central e división espacial que reserva a área oriental aos asuntos militares e a occidental ás salas da Audiencia. Na Praza da Constitución o visitante debe lembrar que A Coruña foi sede das más importantes institucións do Estado na nosa nación desde a Capitanía Xeral ata a Real Audiencia de Galiza pasando pola Xunta do Reino de Galiza que ás veces escolle a cidade para as súas periódicas xuntanzas. A Coruña: cidade administrativa, enclave militar, centro político. Dos 600 veciños que tiña a principios do século XVI, a cidade pasará aos 1800 ao comezar o XVII e superará os 2000 ao mediar o XVIII.

Logo da igrexa de San Domingos, o visitante pode coñecer a casa na que viviron Rosalía e Murguía e que hoxe goberna a Real Academia Galega, deixarse levar polos rueiros costentos así como contemplar as mellores casas da cidade alta, vellas unhas e completamente renovadas outras. Edificios relevantes son A casa da Reixa Dourada, a Casa Ozores, no Parrote, obra ao parecer de Melchor de Prado e vivenda do Marqués de San Martín de Ombreiro que sería reformada en 1910 por Juan de Ciórraga aportando elementos tan valiosos como a galería de madeira, o balcón e o faiado de marquetería e diversas vivendas que emerxen na Rúa do Príncipe, na das Donas ou na de Tabernas onde se constrúe o edificio que acolle a sede da Real Academia Galega e o Museo Pardo Bazán, usado como vivenda por dona Pardo Bazán e rehabilitado por Leoncio Bescansa en 1934. En 1975 sería outra vez modificado contando desde entón cun terceiro andar.

Tamén paga a pena entrar no Xardín de San Carlos co seu alento romántico e o seu espírito militar -xirando en torno ao mausoleo de Moore- construído sobre a antiga fortaleza. A xardinería é de José María de Noya, arquitecto municipal e o enreixado do mausoleo fixoo Juan de Ciórraga en 1864. Durante lustros foi o único xardín da cidade. Ao seu

carón está o Arquivo Histórico do Reino de Galiza que tería como directores a Murguía, a Martínez Salazar ou a Gil Merino. Lembremos para o visitante que durante a Guerra de Independencia constituíuse na Coruña a Xunta Superior de Defensa do Reino de Galiza e a seguir vívese outro acontecemento histórico. A retirada do exército inglés con Sir John Moore á cabeza coincide co avance das tropas francesas. O Xeneral John Moore é incapaz de resolver o embarco das súas tropas ante a presión das inimigas producíndose unha feroz batalla -chamada de Elviña- que comeza o día 16 de xaneiro de 1809 e que ocasiona en poucas horas 2000 baixas nos dous bandos. O mozo Xeneral escocés, a quen Rosalía dedicou un sentido poema, non pode coa poderosa maquinaria bélica dos franceses. A Coruña aos pés de D. Xosé I. O propio Moore resulta fatalmente ferido sendo enterrado en San Carlos. Desde entón a urbe ten unha nova ferida que paira en San Carlos como unha negra sombra.

### ITINERARIO III

#### DA PRAZA DE MARÍA PITA Á DE PONTEVEDRA

A Pescaría, o primeiro ensanche coruñés, estaba situado xa ao outro lado das murallas onde se acubillan os mariñeiros e as dependencias para os barcos e onde a puxanza da vida se estende ao ámbito relixioso cando se constrúen as igrexas primitivas de San Xorxe, San Nicolás ou Santo Tomás. A Pescaría estaba comprendida entre as murallas que defenden e isolan a Cidade Alta e as que unirán o Porto co Orzán ao longo do que é hoxe a rúa Xoana de Vega. Nestes lugares existían dúas portas, a da Torre de Arriba -a do Orzán- e a da Torre de Abaixo -no Porto.

Vemos o arrabalde que tiña xurdido no istmo cobrando vida e puxanza económica e xa articulada coas súas capelas, ermidas, hospitais e conventos. A Coruña nas noites do século XV segue a fechar as súas portas, conserva os Hospitais de Santo André e Santa Lucía, utiliza áinda os muíños de man e pode presumir de relacionarse cos portos portugueses e, máis lonxe, con Bristol e Plymouth.

No século XVIII A Coruña chega aos 15.000 habitantes e agroma a que dona Emilia Pardo Bazán denominará *Marineda* ao facerse o embrión da Avenida da Mariña, o dique dos cantóns, os planos de urbanización de Miguel Ferro Caaveiro, acométese a calzada de Garás (hoxe Avenida de Linares Rivas), o porto medra cara a Palloza segundo os proxectos de Giannini, o lousado con pedra dálle brillo ás principais rúas ou realiza a construcción do Castelo de San Diego. Os seráns do XVIII son refrescados polas novas fontes de Santa Catalina e da Fama -hoxe na praza de Santo André-, inaugúrase unha moderna traída de augas e instálase un alumeadoo con farois de aceite. Benzón aos ilustrados que gobernan o Consulado Marítimo, que se implican na reconstrucción da Torre de Hércules e que ven proxectarxe xa as primeiras galerías acristaladas. O visitante debe contemplar ese casamento de madeira e cristal tan emblemático da cidade. A rede de galerías na conquista de cámaras de aire exterior e solainas que actúen de amortecedor térmico e de protector de humidades supón o aproveitamento do vidro plano e cortado -había na Coruña unha importante industria do vidro- e a súa combinación coa madeira, o ferro ou a cantería. Varios arquitectos deixaron a súa pegada neste elemento da fachada mariña, entre eles Agustín Gómez, Faustino Domínguez, Julio Galán Carvajal e Juan de Ciórraga.

No XVIII faise o edificio da Alfândega Real -antigamente Intendencia de Rentas, fermoso e puro, os novos almacéns que acollen os Correos Marítimos, un novo arsenal, a mestranza nova e novos obradoiros. Súmanse novos templos á vida urbana como o da Compañía de Xesús de Domingo Antonio de Andrade, o grande arquitecto do XVIII galego. Do XVIII son o igrexario da Agrela e a igrexa de San Pedro de Visma, queimada en 1934. Ás vellas casas de planta baixa e con hortos, pasamos agora ao luxo das casas de certos funcionarios e aristócratas que encargan a arquitectos de prestixio a súa fachada. Velaí a Casa Martelo dos Marqueses de Almeiras na Rúa da Franxa.

O visitante debe deixarse engaiolar pola Praza de María Pita, contemplar a casa natal de Barrié de la Maza, a Casa Rey ou a sede da Fundación Paideia, coñecer a veciña igrexa de San Xorxe e pola rúa Varela Silgari entrar no mundo da familia Casares Quiroga no seu museo para voltar polo Campo da Leña a María Pita. Cando se precisan novas dependencias para o Concello logo de estaren na rúa da Franxa e no convento de Santo Agostiño e deste xeito culminar a Praza de María Pita, emerxe o impresionante Palacio Municipal que acolle unhas escaleiras de honor, retratos de figuras relevantes, un espléndido salón de sesións e na actualidade tamén unha boa colección de reloxos. No seu tempo mesmo acolleu a sede da Real Academia Galega.

José María de Noya, Joaquín Montenegro e Faustino Domínguez traballaron na configuración da Praza de María Pita -antes de Alesón- cando foran caendo as murallas e había que ligar a Cidade Alta e a Pescaría. A ampla e sinxela praza, que é de planta cadrada con 111'20 metros de lado e fora pensada como un gran patio porticado, coñeceu nos últimos anos sucesivas e ás veces controvertidas intervencións, unhas positivas -a exclusión dos autos- e outras non tanto.

Se o visitante fai unha parada no próximo Campo da Leña verá a estatua de homenaxe a Porlier e ao seu levantamento, páxina especial do liberalismo coruñés. Juan Díaz Porlier foi xulgado e axustizado na Coruña en 1815 aos 26 anos neste mesmo lugar. Porlier, alcumado O Marquesiño, participara nos combates de Trafalgar e na Guerra de Independencia, casara con Josefa Queipo de Llano e xa coñecera o cárcere de San Antón. Logo de tomar os baños en Arteixo e dalgunha xuntanza en Pastoriza, o levantamento acontece mediado setembro do ano 1815. Aos poucos días,

Porlier é detido e restablecido o goberno absolutista. En 1820 será levado á capela de San Roque -demolida en 1947- e restituído en parte o seu honor que algúns queren eternizar pónolle o seu nome a un dos cantóns da cidade. Preto do Campo da Leña está o Cuartel de Artillería de Atocha, un impresionante conxunto de 175X60 metros cun exterior de sabor neoclásico. A obra foi proxectada por Joaquín Montenegro, o autor do Hospital Militar.

A moderna igrexa de San Xorxe -proxectada por Domingo de Andrade logo da chegada á cidade da Compañía de Xesús en 1673- constaba inicialmente de templo e convento. O templo é de 1725 sendo no século XIX parroquia. Ten ademais unha Inmaculada Concepción de Ferreiro. As obras do convento comenzaron en 1693, foi logo cuartel, máis tarde sería ocupado polos agostíños de Caión, foi sede do Concello entre 1838 e 1918 antes de ser derrubado en 1927.

O visitante coruñés debe cumplir un rito: pasear pola rúa Real e as súas veciñas, contemplar as Casas Paredes de Pedro Martín Cermeño e Fernando Rodríguez Romay, procurando instaurar na cidade unha digna fachada marítima, imitando o urbanismo portuario francés e entrar nos Xardíns de Méndez Núñez co Kiosko Alfonso e o edificio da Terraza. Foi preciso derrubar murallas e ensanchar a urbe e comenzar o recheo sobre o mar na Avenida da Mariña, nos Xardíns de Méndez Núñez que se constituirán na grande Alameda herculina. Da segunda parte do XIX son estes Xardíns, unha zona de paseo con ábores que mantén aínda hoxe o alento decimonónico e un sosego que encarnan a flora e a fauna que o caracterizan. No proxecto traballaron Juan de Ciórraga, Celedonio Uribe e González Villar. As obras inclúían tres quioscos de recreo e logo deron lugar ao xardín botánico e á roseira. Recomendamos darse unha polo conxunto de importantes personalidades evocadas nos diversos grupos escultóricos que acompañan o paseo comenzando polo monumental de Asorey dedicado a Curros Enríquez -aínda ao carón do Teatro Colón- ata o de Linares Rivas pasando polos dedicados a Concepción Arenal, á Pardo Bazán, ao doutor Hervada, Fernández Flórez, Valle-Inclán, o concelleiro Daniel Carballo, Castelao, Fernández Latorre, Murguía, Pondal, o alcalde republicano Suárez Ferrín e John Lennon. Nos veráns acollen a Feira do Libro da Coruña e outras de libro antigo, artesanía, etc.

Desde a Rúa Real evocamos empresas e iniciativas de moitos coruñeses. Tamén casas fermosas. A vida cultural e política, os xornais, os centros de ensino como Dequidt, os proxectos editoriais, o almacén musical de Canuto Berea, a Cova Céltica, o movemento galeguista, a fundación en 1847 do Circo de Artesáns, recreativo e instrutivo, destinado a ofrecerlle aos traballadores diversión e posibilidades de cultivar as artes e os deportes. No final da Rúa Real o visitante verá o Obelisco levantado en memoria do político Linares Rivas.

O visitante debe contemplar o clasicista Teatro Rosalía de Castro, obra de José María de Noya, situado no Rego de Auga onde estiveran a primitiva igrexa de San Xorxe e o Teatro Principal que acolleu os Xogos Florais que deron lugar ao *Álbum de la Caridad*. Moi preto está o Teatro Colón remodelado hai pouco tempo.

O visitante debe entrar nas modernísimas sedes das Fundacións Barrié e Caixa Galicia, captar as formas do edificio do Banco Pastor e sentir algo moi coruñés: o camiñar polos Cantóns, con amplas beirarrúas, altísimos edificios e o frescor das árbores moi preto de nós.

Aos poucos o visitante chegará á Coruña modernista da Praza de Lugo ou das rúa Betanzos e Ferrol e á Praza de Pontevedra que acolle os centros escolares que levan o nome de Eusebio da Guarda cuxo instituto é obra de Faustino Domínguez nos anos 80 do século XIX. Existiu tamén, na actual Praza de Lugo, un mercado Eusebio da Guarda deseñado por Pedro Mariño e agora remodelado e que acolle as instalacións coruñesas da FNAC. Eusebio da Guarda fixo posíbel a apertura en 1890 da igrexa de Santo André que contén a pegada de importantes artistas como Isidoro Brocos, Baltasar Escudero, Santos Rey ou César López. De 1890 é a estatua en bronce de Eusebio da Guarda asinada por Martín y Riesco.

## ITINERARIO IV

### DO MUSEO DE BELAS ARTES AO MONTE SAN PEDRO

O da Ilustración é un tempo de academias, de sociedades económicas e do noso Consulado do Mar, o de Cornide, o de Labrada, o de Herbella. Un Real Consulado do Mar do Reino de Galiza de amplísimas competencias territorial e funcional que promove escolas de comercio, náutica ou debuxo, que se interesa polo comercio e a industria, polas obras públicas, pola reparación do patrimonio, un Consulado -situado na Rúa Real e despois en Panadeiras- que exerce funcións fiscais e xurídicas e que actúa de facto como Tribunal Mercantil. O visitante pode comezar este percorrido no Consulado ao carón do Museo de Belas Artes. O edificio do Real Consulado que acollía o Tribunal de Comercio, a espléndida biblioteca fundada por Sánchez de Vaamonde a comezos do XIX e áinda o Museo de Belas Artes antes do seu traslado ao actual edificio de Gallego Jorreto. O edificio foi mandado construír por un coruñés veciño de Andalucía, Xosé Ramos, e desde 1947 é Museo Provincial de Belas Artes, función na que vai ficar ata 1995 acollendo pezas numismáticas, cerámica de Sargadelos así como unha colección de pintura de autores españois e galegos.

O porto coruñés era no XVIII un dos principais de Galiza. A cidade desenvolve un embrionario tecido fabril en torno aos sectores téxtil, da salga e os sombreiros Hai Correos entre A Coruña e Falmouth ou Montevideo e comercio marítimo cos principais países de Europa e América. Ademais a cidade asiste á chegada da ópera, aos concertos de Pascual Carriles e aos recitais de Pedro Rizzi.

É o tempo de Cornide e do clérigo ilustrado Manuel Pardo de Andrade, natural de Oleiros. Pola súa parte, o Concello está na Rúa do Príncipe. Do XVIII son tamén as igrexas barrocas de San Domingos e San Xorxe, a de San Nicolás ou o convento das Capuchinas cuxa igrexa é obra de Fernando de Casas e Novoa. A de San Nicolás é obra de Simón Rodríguez, con cúpula de Martínez Celis e Alberto Ruibal. A portada neoclásica é de Faustino Domínguez Coumes-Gay, arquitecto da Deputación. No século XIX derrúbase a súa fachada barroca.

O visitante pode baixar ao Museo do Home, a popular Domus, ao Acuario Finisterrae e camiñar pola beiramar polas praias do Matadoiro, Orzán, Riazor ou San Roque. Ao seu carón verá circular un tranvía que pon unha nota antiga nesta postal do presente. Estas praias acollen na noite de San Xoán a maior concentración humana do ano coruñés estimada en moitas decenas de millares de persoas. Moi preto está o Estadio de Riazor e ao seu carón a novísima Casa da Auga. O Deportivo ascendeu á primeira división en 1941 e recentemente conseguiu as súas primeiras copas de campión de Copa e de Liga. O primitivo estadio de Riazor foi obra de Rei Pedreira e a súa fasquía mudou cos Mundiais de 1982. Na parte final do paseo o visitante pode contemplar a Torre Milenium coa que A Coruña lle deu a benvida ao presente século e subir nun elevador ao Monte San Pedro, desde onde contemplar algunas das mellores vistas da cidade. Se non quer tomar o elevador pode continuar cara o Portiño polo paseo marítimo. Non moi lonxe está Bens, outro espazo gañado para o lecer dos coruñeses.

## OUTROS LUGARES DE INTERESE

DO PAZO DA ÓPERA Á CASA DAS CIENCIAS: No século XX A Coruña medrou por Santa Margarida, por Riazor, pola cidade xardín de Rodríguez Losada, por San Roque e Peruleiro. Hoxe faino por Mesoiro, por Matogrande, polos Rosais, pola zona escolar e por Vioño. 1912 fora un ano importante na historia da cidade. Nese ano A Coruña engole o concello de Oza e os seus habitantes das terras de Elviña e Eirís. Ten uns 50.000 habitantes e quintuplica a súa extensión que pasa de 7'85 aos 36'84 quilómetros cadrados. En 1950 a cidade ten xa 134.000 habitantes, 190.000 en 1970, 232.000 en 1983, case 300.000 na actualidade.

Nas últimas décadas inaugúrase o aeroporto de Alvedro, entra en funcionamento a Refinería de Petróleo (visitala é moi interesante), os Polígonos da Agrela-Bens e Sabón-Arteixo, este no concello veciño onde ten a súa sede a poderosa INDITEX. Nos anos 80 e 90 coa desaparición de varias instalacións castrenses, A Coruña especialízase en cidade de servizos que supuxo a aparición de varias grandes superficies comerciais e a realización dun Paseo Marítimo que busca unir o Parrote e San Roque ocasionando ao seu paso mudanzas no litoral. Deste tempo son o Colexio Wenceslao Fernández Flórez, a Escola de Artes Pablo Picasso, os novos xulgados, o Forum Metropolitano, o Conservatorio de Música, os edificios da Universidade da Coruña, o Edificio da Once ou o espectacular Hospital Marítimo de Oza.

Propoñemos ao visitante que coñeza o Pazo da Ópera e que percorra o Parque de Santa Margarida -onde se celebra unha popular romaría o último domingo de agosto- para concluír o paseo na Casa das Ciencias, o embrión do proxecto museístico do goberno local que dirixe Ramón Núñez Centella.

A FÁBRICA DE TABACOS: O século XIX é o da nosa Fábrica de Tabacos especializada nos puros virxinia, habanos e mixtos e utiliza man de obra feminina organizada en *ranchos* e *talleres* onde as cigarreiras traballaban baixo ao control das capatazas e as mestras. Nestes momentos vaise urbanizar o seu solar preto da estación de San Diego. Nos anos 30 a Fábrica ten xa novos locais, chega ás 2.300 cigarreiras que

poden cobrar uns 3 reás diarios e que protagonizan en 1831 unha folga cando viran en perigo os seus ingresos. En 1912 a Fábrica ten 2500 obreiras, produce 30.000 cigarros por hora, leva anos facendo o popular Farias e ve como as cigarreiras se sindican ou como protagonizan unha xuntanza en 1917 no Rosalía para demandaren aumentos salariais. As traballadoras realizan o seu labor en condicións deplorábeis: Traballan moitísimas horas e sen remuneración fixa, cobran menos que os homes, traballan nalgúns caso ata a vellez, pasan moito tempo aspirando o po do tabaco e cheiros ingratos en locais mal ventilados e non teñen nin tempo para comer polo que moitas comen ao tempo que traballan. Carecen ademais de servizos hixiénicos, padecen doenzas como o reumatismo ou a tuberculose e moitas van traballar cos seus fillos áinda lactantes. Xa privatizada a Fábrica, as cigarreiras que protagonizaran en 1874 outra folga e recibiran a visita da Pardo Bazán nos anos 80 e 81, móstranse receptivas ao ideario do republicanismo federal, loitan pola xornada das 10 horas, empezar a facer cigarros a man e seguen asistindo ás novidades técnicas que representaban as máquinas a vapor.

ELVIÑA: Entre os castros que houbo na cidade ( Visma, Nostián, Cidade Vella, Castrillón) merece a pena ser visitado o de Elviña, o lugar no que viviron os primeiros protocoruñeses. Elviña é tamén un dos campus da Universidade da Coruña non moi lonxe do da Zapateira xurdido a partir da creación da Escola de Arquitectura de gran importancia na historia e no presente da cidade. Desde Elviña pódese facer un percorrido por Matogrande, Eirís, San Cristovo das Viñas, pola Zapateira, Mesoiro, o Polígono de PO.CO.MA.CO ou Feáns.

COMPLEXO HOSPITALARIO “JUAN CANALEJO”: En 1972 inaugúrase o Complexo Hospitalario “Juan Canalejo”, a popular residencia nova que hoxe integra tamén o Hospital Abente y lago, o antigo Hospital Militar. A vella residencia convértese en Hospital Materno-Infantil. Na súa contorna pode visitarse a zona de Oza e en particular o seu Hospital.

OS CONCELLOS DO CONSORCIO DAS MARIÑAS: No ano 2000, para compartir e resolver problemas foi creado o Consorcio das Mariñas, entidade que engloba aos concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. Estes concellos están habitados por 150.000 persoas e ocupan 456 km<sup>2</sup>. A Coruña mantén con estes concellos unha relación tan forte que non se pode entender o seu desenvolvemento á marxe da Coruña da mesma maneira que A Coruña

non pode vivir á marxe deles. Recomendamos ao visitante facer unha viaxe por estes lugares fermosos e dinámicos nos que tamén se xoga o futuro da cidade de Hércules.

## CODA

Cada cidade é un universo, un libro aberto nas súas prazas e rúas, unha familia imposíbel coas súas ledicias e as súas derrotas. Abrimos para o lector as páxinas deste libro que se chama A Coruña, a capital galega do norte na que viven case 300.000 persoas. Non é doadoo resumir nunhas poucas páxinas a historia de tantos anos e de tantas persoas. Agardamos que o visitante logo de percorrer A Coruña, a ame e lle reserve no seu corazón e na súa memoria un lugar. Para este territorio, para este mundo chamado A Coruña.

## ÍNDICE

- ITINERARIO I. DA TORRE DE HÉRCULES AO CASTELO DE SAN ANTÓN
- ITINERARIO II. DA CIDADE VELLA Á PRAZA DE MARÍA PITA
- ITINERARIO III. DA PRAZA DE MARÍA PITA Á DE PONTEVEDRA
- ITINERARIO IV. DO MUSEO DE BELAS ARTES AO MONTE SAN PEDRO
- OUTROS LUGARES DE INTERESE
  - DO PAZO DA ÓPERA Á CASA DAS CIENCIAS.
  - A FÁBRICA DE TABACOS
  - ELVIÑA.
  - COMPLEXO HOSPITALARIO “JUAN CANALEJO”
  - OS CONCELLOS DO CONSORCIO DAS MARIÑAS
- CODA

---

<sup>1</sup> A documentación para a elaboración deste escrito procede do libro de Henrique Rabuñal *A Coruña na historia* (1999).